




Danza

Vacuo

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Dirección: Maruxa Salas

11, 12, 13 de xaneiro ás 20.30 horas e día 14 ás 18.00 horas

Vacuo é unha metáfora... da natureza, da nosa alma e de cada un de nós mesmos.

Existimos pero non vivimos. Delimitamos o noso espazo con medos, preocupacións e prexuízos que enlodan e tinguen de negro, que nos privan de ver máis aló... non temos tempo da nosa vida cotiá de escoitar e gozar do son da chuvia, esquecemos a súa importancia física e espiritual...

Presentamos un espazo *Vacuo* que propón unha arte de vivir, non como unha explicación senón como comprensión, entendemento, concienciación... un xeito de rexeneración, de reformulación de vida e do presente con matices e cores que non deixe que o agora se enturbe e mude en obscuridade.

Sorprendentemente, hoxe a natureza perde cor. Non será esta un espello da nosa alma, un modo de reflectir o noso presente máis máis inmediato?

A resposta está en nós mesmos, no noso propio *Vacuo*, un espazo onde hai cores, a túa cor, a da túa vida, lugar de renovación e comunicación onde a inmensidade da natureza se pode contemplar, vivir, bailar e gozar.

(Maruxa Salas. Coreógrafa e directora de *Vacuo*)



Teatro físico

Circolando

QUARTO INTERIOR

Dirección: André Braga

19 e 20 de xaneiro ás 20.30 horas

Co ciclo “Poética da Casa”, *Circolando* prosegue procura das paisaxes do soño. Desta vez buscas nas moradas do espazo íntimo... casas, sotos, cuartos, abrigos de memorias e entretementos.

Proxecto de apertura do ciclo, *Quarto Interior* fálanos dos cuartos que transcenden á xeometría. Cuartos que son o refuxio dun tempo suspenso, case esquecido: o tempo de todas as idades da inocencia.

No escenario, un cuarto feito de portas e xanelas ha de confundirse cun espazo de liberdade. Morada animal do soño,

este espazo crece sen límites. Ábrese para integrar o vento, as árbores e os paxaros.

Ademais de *Quarto Interior*, o ciclo “Poética da Casa” integra o espectáculo “Mansarda” e o proxecto de procura transdisciplinar “Casa-Abrigo”.



Danza

Bones & Oceans

RUI HORTA

Coreografía e dirección: Rui Horta

25 e 26 de xaneiro ás 20.30 horas

Un home, un can de metal enferruxado e unha banda magnética de son que inexorablemente se desenvolve ata o fin. Un mundo á medida dun soño posible, un océano de peto, un percorrido onde se esgotaqn as preguntas, as protestas e mesmo o significado das palabras.

Baseándose nunha das súas últimas obras producidas en Alemaña nos anos 90, Rui Horta crea un novo traballo: un dueto solitario para un home e un can de metal. Antón Skrzypiciel, o performer de Bones and Oceans, é o intérprete que ata hoxe traballou máis de preto de Rui Horta. Actor, bailarín de recursos inagotables, traballou nas súas creacións durante cerca de trece anos e con el realizou centenas de espectáculos.



Danza

J'arrive

MARTA CARRASCO

Creación: Marta Carrasco

Dirección: Marta Carrasco e Carme Portaceli

1 e 2 de febreiro ás 20.30 horas

Marta Carrasco é unha creadora difícil de clasificar, poetisa da escena en todos os sentidos e con todas as linguaxes. A través do movemento, a música, a palabra e a plástica do seu imaxinario persoal sacode as nosas emocións.

En plena madurez profesional, Marta Carrasco é considerada unha das promotoras de maior calidade e innovación dentro do ámbito cultural estatal. *J'arrive* (en francés “xa chego”) é un intenso percorrido pola súa obra coreográfica, polos cinco espectáculos que nutriron toda unha década de traballo. Este décimo aniversario supón un novo motivo para impulsarse

dentro do seu espírito renovador e da súa desconcertante creatividade.

J'arrive supón un punto e á parte na carreira da coreógrafa, pero non un punto e final, porque nunca se chega: trátase de seguir correndo. Un espectáculo que cativa desde o principio.



Teatro

El chico de la última fila

UR TEATRO

Autor: Juan Mayorga

Dirección: Helena Pimenta

3 febreiro ás 20.30 horas e día 4 ás 18.00 horas

Xermán, un profesor de 55 anos desengañado do seu oficio e dos seus afectos, encárgalles aos seus alumnos adolescentes unha redacción baixo o título “A miña fin de semana pasada”. Entre textos decepcionantes e aburridos, o titor tropeza coas liñas firmadas por Claudio, ese mozo silencioso que senta na última fila.

Despois de lela en varias ocasións para convencerse de que a sorprendente redacción non é froito da súa imaxinación,

Xermán traba una intensa relación mestre-mozo. A súa amizade transfórmase nun labirinto difícil, intenso e perigoso, tanto para eles como para as persoas do seu redor.

O resultado é unha obra crítica, interesante e transgresora asinada polo talento do consagrado Juan Mayorga. Unha obra sobre o pracer de asomarse ás vidas alleas e sobre os riscos de confundir a vida coa literatura. Unha obra sobre os que escollen a última fila: aquela desde a cal se ven todas as demais.



Danza

Ellas

ALLERETOUR

Creación e dirección: Jesús Hidalgo

8 e 9 de febreiro ás 20.30 horas

1939. A guerra civil remata coa vitoria do bando nacional e a voz de Franco anuncia o principio da ditadura. Dúas mulleres, interpretadas por Emanuela Ciavarella e Diana Regaño, son testemuñas dese momento histórico.

Jesús Hidalgo continúa coa súa intensa busca sobre un movemento simple e poético e o seu baile, sen necesitar un

discurso intelectual, consegue recordarnos a nosa condición humana e o mundo contemporáneo sacudido polas guerras. Como case todas as súas coreografías, representan corpos en loita co pasado e coa historia. Soidade, desesperación, violencia pero tamén tenrura e complicidade nun mundo onde o home falta.

Ellas é unha homenaxe emotiva e sensible ás mulleres que quedaron soas trala guerra civil, ao seu silencio imposto, ao seu intento de sobrevivir cando non podían berrar máis.



Teatro

Last Chance (Última Oportunitat!)

TEATRO LLIURE E CENTRE D'ARTS ESCENIQUES DE REUS-CAER

Dramaturxia e dirección: Carol López

10 de febreiro ás 20.30 horas e día 11 ás 18.00 horas

Grande oportunidade é a que nos ofrece este espectáculo para ver un teatro moderno, divertido e, á vez, cunha temática de rigorosa actualidade: a ambición e a corrupción. Concibida como unha obra de creación en que os diálogos se elaboraron a partir das improvisacións traballadas cos actores, a obra narra tres historias moi distintas, de diferentes xéneros que se entrelazan alternativamente, para dar lugar a unha trama final que deparará moitas sorpresas.

A autora desta peza, Carol López, preguntouse un bo día se todos poderíamos ser corruptos e, tomando esta idea como eixe central, creou esta comedia agri-doce que rende homenaxe ao filme *Jackie Brown* de Quentin Tarantino.

A cantante Dolo Beltrán (do grupo Pastora) é a protagonista, a *femme fatale*, que compuxo un tema especialmente para a obra titulado “Tres calles”.



Música contemporánea

Fragments

PABLO COELLO (saxofóns) + PEDRO REBELO (electrónica)

14 de febreiro ás 20.30 horas

As intervencións do saxofón de Pablo Coello combínanse coa música electrónica en vivo, as videoproxeccións e as

improvisacións con soporte visual de Pedro Rebelo para dar como resultado *Fragmentos*.

Pedro (Portugal) é un compositor/artista dixital que desenvolve o seu traballo na música electroacústica, medios dixitais, instalación e música improvisada. Ten colaborado en diversos proxectos con artistas plásticos, sendo un dos temas centrais da súa investigación a relación entre a arquitectura e a música, o cal motivou a creación de instalacións e obras interactivas. Por outra banda, Pablo (Vigo) é membro de *Ensemble fonos21*, do cuarteto *S@X21*, do conxunto internacional *Ensemble Atmosphère* e actúa co artista sonoro portugués Paulo Raposo. Ademais, é promotor da creación da Asociación Fonos21-S@X21, que organiza diferentes actividades relacionadas coa creación e interpretación da música contemporánea.



Teatro

Los que ríen los últimos

**LA ZARANDA, TEATRO INESTABLE DE
ANDALUCÍA LA BAJA**

Autor: Eusebio Calonge

Dirección: Paco de la Zaranda

16 e 17 de febreiro ás 20.30 horas

Illados na incompreensión e na indiferenza, tres personaxes retallos de paixóns abandonadas, disidentes da súa época, emprenden a fuxida do vertedoiro en que subsisten. A súa extravagante e penosa peregrinación será un regreso a un pasado remoto, descoñecido e misterioso para o cal só contan coas indicacións dun pai defunto. Porque, a pesar das dificultades, hai algo que permanece vivo: os soños e o riso, ese riso daqueles que manteñen a esperanza, dos que aínda senten morriña do paraíso, fronte á gargallada desdentada do tempo. Transcorreron case 25 anos desde que La Zaranda emprendeu a súa andaina teatral e desde entón desenvolve unha poética teatral que, lonxe de fórmulas estereotipadas e efémeras, se converteu nunha linguaxe propia que tenta recuperar a memoria e convida á reflexión.



Música contemporánea

Fende-lo son de Manuel Rodeiro

Ensemble instrumental: Felipe Glez. Agell (clarinete), Barta Fresco (piano) e Carme Garrigó (percusión)

18 de febreiro ás 20.00 horas

Nome de crecente prestixio no ámbito da música contemporánea, non só como compositor senón tamén como teórico e divulgador, Manuel Rodeiro ten traballado para a Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego ou o Centro para a Difusión da Música Contemporánea; pezas súas foron a que abriu as celebracións programadas para o Xacobeo 93 (interpretada pola *Orquesta y Coros Nacionales de España*) ou a que compuxo para a apertura oficial do Centro Galego de Arte Contemporánea.

A súa música soou en salas de concertos e festivais como o I International Harp Festival, o Festival de Música Contemporánea de Barcelona, o Festival de Música de Estrasburgo ou o Phantom Arts (EUA). Mención especial merece a súa produción audiovisual para o teatro, o vídeo e o cine, onde destaca a creación da música orixinal para *A Pedra*, un dos seis traballos de videocreación que, prologados por Manuel Rivas e co título xeral de *Seis olladas de Compostela*, impulsou Canal+ co gallo da Capitalidade Cultural Europea do ano 2000.



Teatro - Estrea

Emigrados

TEATRO DE NINGURES

Autores: Cándido Pazó, Xosé Manuel Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai e Sonia Torre

Dirección: Etelvino Vázquez

23 e 24 de febreiro ás 20.30 horas

É a todas luces incontestable que o fenómeno da emigración constitúe o acontecemento socioeconómico máis relevante e significativo polo que pasou o noso país ao longo do século XX. Así, a partir de textos de cinco creadores de agora — Cándido Pazó, Xosé Manuel Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai e Sonia Torre— Teatro de ningures estrea esta montaxe ideada como un mosaico de pezas engarzadas. Pezas que, desde o tratamento específico da emigración, da inmigración, do retorno, do desenraizamento, compoñen un cadro xeral que

permiten apreciar nitidamente o drama individual e social que supón estoutro xeito de exilio.

Unha oportunidade única para falar dun tema moi próximo, tratado desde a axilidade da linguaxe contemporánea e desde a ironía como vehículo de expresión e, sobre todo, desde a proximidade a todas aquelas persoas que viviron —sufriron— nas súas carnes o desenraizamento que supón a abandono forzado do que é propio.



Música contemporánea

Zapping

DRUMMING – GRUPO DE PERCUSIÓN

Dirección artística: Miquel Bernat

28 de febreiro ás 20.30 horas

Zapping é o tributo particular que o grupo portugués Drumming quere render a Frank Zappa, para o cal convidou varios compositores a plasmaren en pezas de percusión as súas propias visións do músico norteamericano.

Drumming GP destaca pola singularidade da súa programación, que resume as experiencias da vida profesional do seu director (Miquel Bernat), coa variedade e diversidade de estilos e formación dos membros (Nuno Aroso, Francisco Aparici, Pedro Oliveira, Rui Rodríguez, António Sérgio, João Cunha) que o compoñen, que van desde a música contemporánea ao rock, jazz, world music, pasando pola programación contemporánea temática e entrando, máis recentemente, nunha fase de desenvolvemento do seu propio repertorio en colaboración con compositores de prestixio internacional.

Desde os seus comezos, manteñen como sinal distintivo o percorrido por todas as vías de innovación e da poética do espectáculo posibles, explorando as máis diversas, variadas e imaxinativas formas e tipos de expresar a percusión. Todo un luxo.



Danza

Los olvidados

RAYO MALAYO

Dirección e coreografía: Cristiane M. Boullosa

1 e 2 de marzo ás 20.30 horas

Tito Nelly, Lastenia Montesinos, Rusbel Chimentry, José Alcebiades “Quemazón”, Evangelina e Francisca, Juan Ibarra; personaxes reais que impregnaron de vida a obra coreográfica de *Los Olvidados*. A pesar das súas desgrazas persoais, a pesar das desgrazas políticas e sociais da zona na que habitan, estas

persoas como se de maxia se tratase, seguen crendo na vida. Seguen bailando, tocando e cantando, crendo no amor e na poesía.

Este espectáculo non pretende narrar as súas vidas, nin a situación de onde viven, pero si mergullarse nese mundo cheo de símbolos, estados anímicos e momentos de reflexión. Un mundo cheo de contrastes!



Danza

As últimas lúas

LAGARTA LAGARTA

Tradución e adaptación de Cándido Pazó do texto *Le Ultime Lune* de Furio Bordon

Dirección: Xulio Lago

3 de marzo ás 20.30 horas e día 4 ás 18.00 horas

Encabezada polo actor Ernesto Chao, Lagarta Lagarta porá en escena *As últimas lúas*, unha montaxe dun dos grandes autores italianos: Furio Bordon.

Bo teatro; serio e comprometido pero tamén divertido; e cun forte compromiso humano e social, que se atreve a inventar, cunha intensa carga de delicado humor e de inmensa tenrura, unha mirada seria e serena sobre aqueles pasos tan fundamentais no noso transitar pola vida como son a senectude e a morte, e que deixa caer intermitentemente sobre o espectador algúns interrogantes: que lugar ocupan “os vellos” na sociedade contemporánea? , que espazo lles permite ocupar esta sociedade? que poden facer “os vellos” consigo mesmos, nunha paisaxe humana e social na que, con frecuencia apabullante, fáiselles sentir coma un obstáculo que está a impedir a felicidade dos outros?



Teatro infantil

Tarará-chis-pum

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Dirección: Artello – Teatro Alla Scala (Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

Do 7 ao 31 de marzo

E *Tarará-chis-pum*, unha compañía de actores contan a historia dun rapaz, pequeno aprendiz de paíaso que perde a risa na escola. Para atopala, emprenden unha viaxe fantástica que os levará a crear espazos como un mercado, o fondo do mar, a

fraga ou mesmo a lúa. Tras unha intensa busca, a acción remata no circo, onde por fin atopa a súa risa.

Estreada no ano 1979 pola compañía Artello Teatro, este foi o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil feito en Galicia. A boa acollida por parte do público materializouse na realización de 90 funcións e na súa prolongación en cartel ata setembro de 1981. O Centro Dramático Galego emprende esta nova escenificación cun novo elenco integrado esencialmente por actores mozos, pero mantendo a súa estrutura dramática e o seu espírito de creación colectiva.